

ESPAZO FEE Nº 12 NOVEMBRO 2017

Comezamos xa a preparación do décimo segundo número da revista Espazo FEE.

Para que se poida publicar este novo número, cómpre, como sempre, a **participación de todos os membros da comunidade universitaria** con artigos curtos de temática variada.

Malia que se trata dunha revista académica, porque nace como iniciativa da Facultade de Economía e Empresa, a súa orientación non ten que ser necesariamente científica ou profesional: está **aberta a todos os temas que poidan ser de interese para os estudantes, PAS e PDI** (difusión, lecer, opinión, etc.).

Cómpre observar as seguintes **normas**:

1. Envío do **texto en formato open office ou word antes do 5 de novembro de 2017** a: revista.espazo.fee@gmail.com co asunto "Colaboración Espazo FEE nº 12".
2. As colaboracións terán unha **extensión máxima de 2.000 caracteres** (espazos incluídos)
3. Irán redactadas en **lingua galega**
4. O ficheiro co texto da colaboración deberá **incluir**:
 - *Título da colaboración*
 - *Nome do autor*
 - *Sector ao que pertence*: PDI, PAS, estudante (neste caso, indicarase que título está a cursar e en que ano se atopa), colaborador externo á UDC
 - *Texto da colaboración* (máximo de 2.000 caracteres con espazos incluídos)
 - *Fotos ou material gráfico* (de ser o caso)
5. O colaborador asume o criterio de selección do comité de redacción, no tocante á localización na revista e á inclusión ou exclusión do traballo nun dos números da revista. Eventualmente, de ser o caso, pódese solicitar ao autor algún cambio de extensión para adaptalo ás dispoñibilidades de espazo.

Como sempre, solicitamos a vosa colaboración nesta iniciativa que se renova con cada número de Espazo FEE.

O Comité de redacción da revista.